

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analisando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: FUNCIÓN URBANA, ANTICICLÓN, PARCELA, PADRÓN MUNICIPAL, RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.

1.2.- Na Figura A-1 aparecen os principais ríos españois. Cite vostede os sinalados cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **Características xerais do transporte terrestre en España.** Orientacións para o desenvolvemento: definición e tipos de transporte terrestre, condicionantes e problemas para o transporte terrestre en España, o transporte por estrada (redes, autovías, autoestradas), o transporte por ferrocarril (estrutura da rede e características xerais), etc.

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), situación que representa (estación do ano, características), inserción no marco atmosférico global, causas e consecuencias da disposición representada, etc.

OPCIÓN 2.

2.1.- Defina brevemente: ESTABULACIÓN GANDEIRA, ALBUFEIRA, DEHESA, PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA, COTA LÁCTEA.

2.2.- Na Figura A-2 aparece representada a taxa de mortalidade infantil por provincias no período 1989-1991. Cite vostede **cinco** nas que o valor sexa entre o 3,74 e o 6,45 por mil.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **Caracteres termopluviométricos do clima da Meseta.** Orientacións para o desenvolvemento: os factores do clima no interior peninsular (dinámica atmosférica, factores xeográficos), o reparto das temperaturas, o reparto das precipitacións, variedades dentro da Meseta, consecuencias na agricultura, etc.

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información, escala), feito que representa, tipo de trama, secuencias de evolución histórica do feito representado, etc.

XEOGRAFÍA

Texto

OPCIÓN A





Figura A-1



Tasa de mortalidad infantil (1989-1991).

Figura A-2

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B




Figura B-1



Plano actual de la ciudad de Pamplona

Figura B-2

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analizando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: SALDO MIGRATORIO, POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA (P.A.C.), FALLA, GOTA FRÍA, MESETA.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede as sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: **rasgos xerais das actividades pesqueiras en España**. Orientacións para o desenvolvemento: a tradición pesqueira de España, os tipos de pesca practicados, a pesca española no contexto mundial, rexións pesqueiras, evolución e problemática actual, etc.

1.4.- Comente vostede a Figura B-1. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), modelos que representan os dous gráficos, características de ambos, relación coa diversidade natural de España, relación cos grandes tipos de reximes fluviais españois, etc.

OPCIÓN 2.

2.1.- Defina brevemente: ARANCEL, GLACIACIÓN, POBOACIÓN INACTIVA, ESPECIE HIGRÓFILA, CULTIVO FORRAXEIRO.

2.2.- Na Figura A-2 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

2.3.- Desenvolva a cuestión: **O relevo da Meseta**. Orientacións para o desenvolvemento: definición de Meseta, caracteres xerais deste accidente (altitude, topografía), breve evolución xeolóxica, compartimentación e accidentes interiores, etc.

2.4.- Comente vostede a Figura B-2. Orientacións para o comentario: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres do reparto dos feitos representados, causas e consecuencias dese reparto, relación con outros elementos demográficos, etc.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A



Figura A-1



Figura A-2

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

HIDROGRAMAS





Figura B-1



Proporción de viejos (más de 65 años) en la población (1991).

Figura B-2

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

FUNCIÓN URBANA: Conxunto de actividades que levan a cabo os habitantes dunha cidade. as funcións urbanas clasifícanse pola súa proxección: actividades dirixidas a suministrar bens e servizos á poboación exterior, e actividades que o fan ós seus residentes (básicas e non básicas).

ANTICICLÓN: Superficie de altas presións e diverxencia do aire. Representase por figuras de isobaras pechadas donde a presión aumenta do exterior ó interior. Asociado a estabilidade atmosférica e ó bloqueo fronte ás perturbacións.

PARCELA: Unidade de explotación agrícola, delimitada por setos, lindes, etc., que pode estar dedicada a un ou varios cultivos e que pode coincidir coa totalidade dunha explotación, aínda que o normal é que unha explotación se fragmente en varias parcelas.

PADRÓN MUNICIPAL: Instrumento estatístico que recolle a relación da poboación dun municipio con algunhas das súas características e é proba de residencia, debendo ser permanentemente actualizado.

RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS: Desfeitos que proveñen de alguna actividade humana (producción, consumo) que se encontran en estado sólido e que é posible tratar e reciclar para evitar a súa acumulación masiva.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. a resposta adecuada é: 1, ESLA; 2, NALÓN; 3, SEGRE; 4, JÚCAR, e 5, GUADIANA.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa

posible, é dicir, planteando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave de este tema son: definición e tipos de transporte terrestre (por carretera, ferrocarril), condicionantes e problemas para o transporte terrestre en España (topografía accidentada, vales e cursos fluviais, etc.), o transporte por carretera (características da rede, autovías, autopistas, problemática), o transporte por ferrocarril (características xerais, estrutura da rede, proxectos e problemáticas), etc. valorarase tamén a aportación daqueles feitos significativos desde o punto de vista xeográfico que estean o suficientemente xustificadas e argumentadas (por exemplo, costes económicos e sociais da planificación do transporte, a acentuación ou a corrección de desequilibrios rexionais, etc.).

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (**mapa de isobaras**, representación sinóptica, simboloxía), situación que representa (**situación do noroeste, con baixa posición en latitude do anticiclón de Azores, das depresións e sistemas frontais, típica do inverno ou comezos da primavera**), circulación do oeste, guiada pola corrente en chorro o altura, consecuencias de inestabilidade atmosférica ligadas ó paso de perturbacións frontais, ventos fortes do noroeste sobre a Península Ibérica, etc. valoraranse as aportacións que incidan sobre a alternancia de situacións atmosféricas ó longo do ano na definición dos climas españois.

OPCIÓN 2

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

ESTABULACIÓN GANDEIRA: Sistema de explotación gandeira que consiste en manter a cabaña total ou parcialmente instalada nun establo, onde se procede á súa manutención e explotación.

ALBUFEIRA: Lagoa litoral separada do mar por un cordón litoral ou restinga, no que existen unha ou máis bocas que comunican co mar.

DEHESA: Terreo pecuario, con arbolado aclarado, cercado e máis ou menos compartimentado para ordear o pasto, de gran extensión superficial, e propio dos espazos de poca vocación agrícola na España Seca.

PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA: Instrumento de ordenación integral do territorio que clasifica o solo segundo o seu réxime xurídico: solo urbán, solo urbanizable programado, solo urbanizable non programado e solo non urbanizable.

COTA LÁCTEA: Límite imposto á produción leiteira dun país, neste caso España, por un organismo supranacional, a Unión Europea, para adaptarse ás directrices xerais da P.A.C.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é indicar **cinco** das seguintes provincias: GIRONA, HUESCA, GUADALAJARA, CUENCA, TERUEL, ALICANTE, CÁCERES, ÁLAVA, VALLADOLID, ÁVILA.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: os factores do clima no interior peninsular (dinámica

atmosférica derivada da circulación do oeste das latitudes medias, factores xeográficos que a matizan como a altitude, o illamento do mar, os matices de continentalidade), o reparto das temperaturas ó longo do ano e as variacións internas, o reparto das precipitacións e a caracterización como territorio da España seca, variedades internas dentro da meseta (esencialmente meseta septentrional e meseta meridional, ademais de Extremadura e as zonas de montaña), etc. Valoraranse aquelas aportacións que versen sobre temas directamente relacionados, como a incidencia da aridez no aproveitamento agrícola, os contrastes termopluriométricos e a súa incidencia na paleta de cultivos e sistemas agrícolas tradicionais, etc., ou ben aqueles feitos significativos dende o punto de vista xeográfico que estean o suficientemente xustificadas e argumentadas.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (trátase dun plano urbán, elaborado a grande escala, con moito detalle e pouca extensión representada) e representa as tramas urbanas da cidade de Pamplona nunha secuencia temporal de adicións que permiten contrastar as características da cidade preindustrial (da que aínda quedan restos do espazo amurallado e fortificado, definitorio da súa función) cun trazado irregular e abigarrado adaptado ós condicionantes do terreo e da muralla, co plano racionalista e ortogonal da época posterior ó derribo das murallas que dá paso á cidade actual e o seu desenvolvemento espacial. Pódense comentar as características socioeconómicas asociadas a cada modelo de cidade representado neste plano así como as problemáticas que na actualidade presentan estes trazados, así como aqueles aspectos que o alumno considere pertinentes e xustifique adecuadamente e con fundamento xeográfico acerca do carácter de organismo vivo dunha cidade e da suma de trazas e pegadas que as diferentes sociedades deixan no espazo urbán.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

SALDO MIGRATORIO: Balance entre o volume emigratorio e inmigratorio dunha sociedade ou grupo humano.

POLÍTICA AGRARIA COMUNITARIA (P.A.C.): Normas directivas de cohesión e coordinación das políticas e actividades agropecuarias entre os países membros da UE.

FALLA: Fractura do terreo, con desnivelación tectónica, que se dá preferentemente en rocas ríxidas (eruptivas e metamórficas), nos zócalos.

GOTA FRÍA: Depresión nos niveis altos da troposfera, constituída por un embolsamento de aire frío nun entorno de aire máis cálido, que descende rapidamente á superficie e propicia unha forte e rápida inestabilidade.

MESETA: Superficie chá ou lixeiramente inclinada nunha determinada dirección, cortada por vales e situada a certa altitude sobre o nivel do mar.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. a resposta adecuada é: 1, PALENCIA; 2, SORIA; 3, TOLEDO; 4, JAÉN e 5, MÁLAGA.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta basándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: a tradición pesqueira en España e encadramento dentro da actividade económica, tipos de pesca practi-

cados (artes, baixura, altura, caladeiros, etc.), a pesca española no contexto mundial, poboación activa e evolución, a estrutura do sector e os caracteres da flota, as rexións pesqueiras españolas, evolución e problemática actual, etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), definición de hidrografa, modelos que representan ambas gráficas (régime fluvial pluvial mediterráneo continental e nival, respectivamente), características de ambos en relación coa distribución das temperaturas e as precipitacións, relación coa diversidade natural de España, relación cos grandes tipos de reximes fluviais españois, cita de algúns exemplos de ríos con estes reximes, etc. Consideraranse pertinentes as referencias ó problema da desigualdade hídrica de España e ós intentos por resolvela como o Plan Hidrológico.

OPCIÓN 2

2.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá **0,4** puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

ARANCEL: Dereitos de aduana que deben pagar os produtos importados ó atravesar as fronteiras estatais, e pode ser unha porcentaxe do seu valor ou unha cantidade determinada de peso ou volume.

GLACIACIÓN: Período de enfriamento global da Terra por causas astronómicas que se traduce, entre outras cousas, nunha extensión da superficie cuberta polo xeo, un descenso do límite das neves perpetuas, e un descenso do nivel do mar pola inmovilización da auga en forma de xeo.

POBOACIÓN INACTIVA: Aquela que non produce, en teoría, bens e servizos: xubilados, me-

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

nores, estudantes, rentistas, amas de casa, etc. As súas fronteiras son difíciles de establecer exactamente, sen embargo.

ESPECIE HIGRÓFILA: Especie vexetal que é esixente en humidade polo que se desenvolve óptimamente nos medios húmedos.

CULTIVO FORRAXEIRO: Cultivo dedicado á produción de plantas forraxeiras, destiñado á alimentación do gando.

2.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de **2** puntos, a razón de **0,4** puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: 1, RÍO SIL; 2, RÍO LLOBREGAT; 3, DELTA do EBRO; 4, RÍO JÚCAR e 5, CABO DE PALOS.

2.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta baseándose nos caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de

establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: definición de meseta, caracteres xerais e encadramento deste accidente (altitude, topografía), breve evolución xeolóxica e transcendencia das oroxenias, compartimentación e accidentes interiores, etc.

2.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de **3** puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pódense citar os seguintes: tipoloxía da imaxe (sistema de representación, tipo de información), caracteres do reparto dos datos representados (reparto do avellentamento por rexións ou áreas), causas e consecuencias do reparto, relación con outros elementos demográficos (natalidade, mortalidade, movementos migratorios, estrutura por idades) e socioeconómicos (nivel de renta, actividade da poboación, etc.). Valoraranse as aportacións acerca do problema do avellentamento en España e as súas derivacións sociais.